

I PREMIOS FETEAGAL MANUEL LORENZO DO TEATRO AMADOR GALEGO





I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

Índice

1.	INTRODUCCIÓN.....	2
2.	CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN	3
3.	CATEGORÍAS DE PREMIOS	4
4.	DOCUMENTACIÓN PRECISA PARA PARTICIPAR	6
5.	PREMIOS ESPECIAIS: Premio Especial á Difusión Teatral e Valores Sociais, Premio de Honra	9
6.	PRAZOS.....	10
7.	FASES DE SELECCIÓN	11
7.1	Selección de Nomeados:	11
7.2	Selección de Gañadores:	12
8.	USO DE MARCA.....	14
9.	COMITÉ ORGANIZADOR.....	15
10.	LEXISLACIÓN.....	16
	ANEXO I	17
	DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE DEREITOS DE AUTOR.....	17
	ANEXO II.....	18
	CERTIFICADO DE AUTORIZACIÓN PARA PREMIOS	18
	ANEXO III	19
	CERTIFICADO DE NON PROFESIONALIDADE	19
	Directrices de traballo para o Xurado Externo:	21



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO DO TEATRO AMADOR GALEGO

BASES DOS “I PREMIOS FETEAGAL - MANUEL LOURENZO DO TEATRO AMADOR GALEGO”

1. INTRODUCCIÓN

A Federación Teatral Afeccionada de Galicia convoca os I Premios Feteagal Manuel Lourenzo do Teatro Amador Galego co obxectivo de recoñecer os espectáculos teatrais **amadores** realizadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o labor artístico e técnico das persoas e grupos participantes.

Os premios pretenden poñer en valor o teatro amador galego, fomentar o uso da lingua galega nas artes escénicas e servir de estímulo á creatividade, á participación cultural e ao compromiso social.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

2. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- Poderán participar todos os espectáculos producidos por grupos ou asociacións de teatro ou artes escénicas amadoras con sede social en Galicia que fagan teatro en galego, sen importar a que federación pertencen ou mesmo se non pertencen a ningunha.
- Os espectáculos deberán terse representado, polo menos unha vez, dentro do ano natural da convocatoria, que neste caso será entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.
- Só se admitirán espectáculos en lingua galega.
- Será obrigatorio dispor das autorizacións e dereitos de autor correspondentes, que deberán engadirse á inscrición. (Modelos dispoñibles nos Anexos)
- Os grupos participantes deberán carecer de carácter profesional, non percibindo remuneración económica os seus integrantes, agás compensacións de gastos.
- A inscrición realizarase entre o 1 e o 30 de abril. Fóra dese prazo a organización non admitirá máis solicitudes.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

3. CATEGORÍAS DE PREMIOS

Establécense as seguintes categorías:

- 1. Mellor Espectáculo
 - 2. Mellor espectáculo para público Infantil
 - 3. Mellor espectáculo feito por mozos e mozas (menores de 18 anos)
 - 4. Mellor espectáculo Costumista
 - 5. Mellor Dirección
 - 6. Mellor Guión Adaptado
 - 7. Mellor Guión Orixinal
 - 8. Mellor Interpretación Feminina Protagonista
 - 9. Mellor Interpretación Masculina Protagonista
 - 10. Mellor Interpretación Feminina de Reparto
 - 11. Mellor Interpretación Masculina de Reparto
 - 12. Mellor Espazo Escénico
 - 13. Mellor Vestiario
-
- Todas as categorías deberán de ter unha concorrencia mínima de tres (3) inscritos para outorgar o premio.
 - As categorías Mellor Guión Adaptado e Mellor Guión Orixinal son excluíntes entre si. A compañía deberá inscribir o seu espectáculo ou nunha ou noutra. Enténdese por texto adaptado aquel que non foi escrito orixinalmente en lingua galega, para teatro ou se realizaron modificacións para a escena que non foron responsabilidade da autoría orixinal. Enténdese por Guión Orixinal o texto escrito na súa orixe en lingua galega e para ser representado en galego.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LORENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

- As categorías Mellor Espectáculo, Mellor Espectáculo Infantil, Mellor Espectáculo feito por mozas e mozos (menores de 18 anos) e Mellor espectáculo Costumista, tamén son excluíntes entre si. A compañía deberá inscribir o seu espectáculo nunha ou noutra.
- Nas categorías Mellor Interpretación Feminina Protagonista, Mellor Interpretación Masculina Protagonista, Mellor Interpretación Feminina de Reparto, Mellor Interpretación Masculina de Reparto a compañía deberá inscribir soamente a un candidato/a. Se no momento da inscrición se presentan máis a candidatura quedará invalidada.

FETEAGAL posibilitará que o gañador na categoría Mellor espectáculo (1) presente o seu dentro do FITAGAL (Festival Internacional de Teatro Amador de Galicia).



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

4. DOCUMENTACIÓN PRECISA PARA PARTICIPAR

A inscrición realizarase mediante o formulario de Google “Inscrición” que se habilitará para tal fin. Estará dispoñible na área de premios da páxina web de FETEAGAL ou en <https://feteagal.es/i-premios-feteagal-manuel-lourenzo-do-teatro-amador/> . Achegando toda a documentación requirida mediante o formulario de inscrición.

Todos os arquivos subidos estarán en formato PDF, agás as fotografías que deberán estar en formato JPG. Será preciso que os numeren e nomeen como indicamos a continuación:

- **“0. CARTEL”**: Cartel da obra presentada.
- **“1. CERTIFICADO DE AUTOR”**: Solicitud ou certificado de dereitos de autor para a presentación do espectáculo con data entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025. Se o espectáculo non xera dereitos deberá expedirse dende a Secretaría un certificado que indique que a obra presentada non xera dereitos de autor.
- **“2. CERTIFICADO DE AUTORIZACIÓNS”**: Documento onde a secretaría do grupo certifique que dispón das autorizacións dos diferentes implicados na produción e realización do espectáculo (autor, deseñador de vestiario, etc.) para participar nos premios.
- **“3. CERTIFICADO DE NON PROFESIONALIDADE”**: Documento onde a secretaría do grupo certifique a non profesionalidade das persoas inscritas nas diferentes categorías. Se calquera das persoas que forman parte do espectáculo (director, autor, elenco, fotografía, iluminación, etc.) recibise unha remuneración económica por este cometido non poderá ser candidato aos premios. O comité organizador terá a protestade de comprobar a veracidade dos datos recollidos no certificado; no caso de que estes non se correspondan coa realidade poderá supor a



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

descualificación do grupo en todas as categorías e poderá imporse unha sanción de non presentación en próximas edicións.

- **“4. TEXTO DO ESPECTÁCULO”**: Copia dixitalizada en PDF do guión completo do espectáculo. Esta será obrigatoria en todos aqueles que participen na categoría a Mellor Guión Adaptado ou Mellor Guión Orixinal.
- **“5. FOTOGRAFÍAS VESTIARIO”**: Copia en PDF das fotografías detallas do vestiario empregado e os personaxes aos que corresponde.
- **“6,7,8, ... CATEGORÍA -NOME DO CANDIDATO (PERSONAXE)”**: Fotografías da presentación do espectáculo de cada un dos candidatos aos premios “Mellor Actor Protagonista, mellor actriz protagonista, mellor actor de reparto ou mellor actriz de reparto”. As fotografías deberán estar en formato JPG ou JPEG de min. 300ppp. No nome do arquivo deberán indicar a categoría á que se presentan, o nome do candidato/a e o nome do personaxe que interpreta. Soamente se poderá presentar un candidato ou candidata por categoría.
 - **Exemplo**: “6. MELLOR ACTRIZ DE REPARTO – NOME E APELIDOS ACTRIZ (PERSONAXE)”

No formulario de Google deberá incluírse de forma OBRIGATORIA o enlace ao VÍDEO COMPLETO DA OBRA: Gravación audiovisual completa do espectáculo, gravada cun plano xeral do espazo escénico e que se poida visualizar de forma pública (YouTube, Vimeo, Google Drive) preferentemente a opción escollida debe ser YouTube. É responsabilidade do grupo velar polo acceso ao espectáculo dende o inicio da inscrición ata o día da Gala de Premios. Se durante o proceso de visualización e valoración o vídeo do espectáculo deixase de verse ou non se tivera acceso directo o xurado non valorará dito espectáculo.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

En relación aos candidatos a interpretación, os intérpretes inscritos teñen que ser os mesmos que figuren no vídeo completo da obra, non podendo inscribir substitutos ou outra fórmula utilizada polo grupo que non poida ser valorada a través do vídeo.

Tras ser revisadas as solicitudes de inscrición recibidas, publicarase un Listado Provisional de Espectáculos Admitidos, con opción, nos 3 días posteriores, a corrección de posibles erros de información e/ou documentación por parte dos inscritos a través da dirección de correo electrónico premios@feteagal.es . Unha vez pasado ese período e sendo estudadas as reclamacións, publicarase o Listado Definitivo de Espectáculos Admitidos.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LORENZO DO TEATRO AMADOR GALEGO

5. PREMIOS ESPECIAIS: Premio Especial á Difusión Teatral e Valores Sociais, Premio de Honra.

Os seguintes premios, serán asignados directamente pola Xunta Directiva de FETEAGAL. Para elo establecerase un período de recepción de propostas, aberto a todos os socios da Federación dende o 1 de abril ao 30 de abril de 2026.

14. Premio á Difusión Teatral, a aquela persoa ou entidade que destaque polo seu compromiso coa comunicación teatral en todas as súas manifestacións, incluída a defensa e potenciación da lingua galega.

15. Premio do Teatro Social, a aquela persoa ou entidade que destaque polo seu compromiso social a través das artes escénicas e promova o teatro como forma de inclusión e atención á diversidade.

16. Premio FETEAGAL de HONRA, a aquela persoa que ao longo da súa traxectoria se teña distinguido polas súas aportacións singulares, entrega e defensa das artes escénicas amadoras da comunidade galega e ao fortalecemento da lingua galega dentro do teatro amador.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

6. PRAZOS

FASE 1: Admisión.

- Do 1 ao 30 de abril: Inscripción dos espectáculos
- Do 1 ao 30 de abril: Proposición da Xunta Directiva de Feteagal para outorgar os premios especiais.
- Do 1 ao 30 de abril: Designación do Xurado Externo por parte do Comité Organizador.
- 2 de Maio: Publicación Listado Provisional das candidaturas admitidas.
- 5 de Maio: Publicación Listado Definitivo das candidaturas admitidas.
- Do 1 de maio ao 31 de maio: Inscripción no Censo de Votantes. Xurado Popular.
 - o Poderán inscribirse no censo de votantes aquelas persoas residentes en Galicia, vinculadas con algún grupo de teatro amador da comunidade que queiran participar no proceso de selección de gañadores.
- 5 de xuño: Contactarase co Censo de Votantes e facilitaráselle información relevante para levar a cabo a votación.

FASE 2: Selección nomeados

- Do 7 de maio ao 7 de xuño: Visualización e Valoración dos espectáculos por parte do Xurado Externo.
- 10 de xuño: Publicación dos candidatos e candidatas nomeados en cada categoría.

FASE 3: Selección Gañadores

- Do 12 de Xuño ao 12 de xullo: Votación Xurado Externo e Censo de Votantes para selección de gañadores.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

O fallo do xurado farase público nunha gala que terá lugar o 14 de Agosto no Teatro Colón de A Coruña.

* O Comité Organizador reservarase o dereito a modificar por forzas de causa maior os prazos establecidos, retrasando os anuncios cun máximo de 10 días naturais.

* Todos os cambios que se produzan serán debidamente comunicados aos afectados/-as.

7. FASES DE SELECCIÓN

O proceso dividirase en dúas fases diferentes:

- Selección de nomeados: do 7 de maio ao 7 de xuño
- Selección de gañadores: do 12 de xuño ao 12 de xullo

Para este proceso será indispensable a visualización dos espectáculos aportado polos candidatos.

7.1 Selección de Nomeados:

Os espectáculos incluídos no Listado Definitivo de Admitidos pasarán á fase “Selección de nomeados” onde un Xurado Externo á Organización que teña relación co mundo das Artes Escénicas amadoras, designará como nomeados aos catro (4) candidatos máis votados en cada categoría do proceso, sempre que sexa posible.

O Comité Organizador designará este Xurado Externo cun máximo de cinco (5) compoñentes e os seus integrantes non poderán ter relación ningunha cos candidatos. Este Xurado designarase entre o 1 e o 30 de abril de 2026.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

Cada un dos membros do xurado disporán de un (1), tres (3) e cinco (5) puntos para cada unha das categorías. Os membros reflectirán as súas puntuacións e decisións nunha folla de cálculo ou táboa, que posteriormente deberán entregar asinada cos resultados da votación ao Comité Organizador. O resultado será a Acta de Selección de Nomeados.

Esta acta presentarse ao Comité Organizador nunha reunión virtual, celebrada entre o 8 e o 10 de maio de 2026. O Presidente do Comité Organizador asinará tamén ese acta, para posteriormente entre os días 10 e 12 xuño de 2026 facer pública a selección de nomeados. Esta selección será por orde alfabética e nunca se poderá presentar pola puntuación obtida polo Xurado Externo.

7.2 Selección de Gañadores:

Unha vez sexan públicos os nomeados en cada categoría, procederase á selección de gañadores a través do Xurado Mixto, composto polo censo de votantes de socios de FETEAGAL, o censo de votantes de socios externos e o voto de calidade do Xurado Externo.

O censo de votantes estará composto por máximo un (1) membro de cada grupo socio de FETEAGAL ou non socio da Federación. O prazo para inscribirse neste Censo de Votantes estará aberto entre o día 1 e 31 de maio de 2026.

Os integrantes do censo recibirán no seu correo electrónico un formulario de votación para emitir o seu voto, dispoñendo de un (1), tres (3) e cinco (5) puntos para cada unha das categorías. Os membros do Xurado Externo reflectirán a súa votación nunha folla de cálculo ou táboa asinada de forma correcta.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

Os membros dos grupos que participen tamén como candidatos non poderán votarse a si mesmos.

Unha vez finalizado o proceso de votación, procederase ao seu escrutinio, que terá lugar nunha Reunión de Selección de Gañadores dos Premios, na que deberá de estar polo menos unha persoa do Comité Organizador.

Ponderarase ao 50% a suma dos votos do censo de votantes daqueles inscritos no Censo de votantes, e doutro 50% o Xurado Externo que participou na primeira fase. O Xurado externo disporá do voto de calidade para escoller aos gañadores ou gañadoras.

Deste xeito o Xurado Externo xunto cun representante do Comité Organizador designará aos gañadores ou gañadoras de cada categoría. Se hai un empate en número de puntos obtidos o Xurado Externo, por medio da súa Presidencia, designará ao gañador ou gañadora. Se o Xurado Externo así o designara podería outorgarse premios compartidos. Non poderá quedar ningún premio deserto no que haxa un mínimo de 3 candidaturas.

A decisión final, xunto coa puntuación obtida e a ponderación deberá de ser entregada ao Comité Organizador en forma de Acta FINAL DE GÑADORES, asinada por todos os membros do Xurado Externo e a persoa responsable designada polo Comité Organizador. O contido deste acta será totalmente secreto e soamente se revelará ao gañador na Gala de Entrega de Premios.

Calquera filtración pode estar penada con multas económicas, suspensión do cargo ou anulación da votación.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

8. USO DE MARCA

“Premios do Teatro Amador Galego” ou “Premios das Artes Escénicas Amadoras de Galicia” é unha marca distintiva e recoñecida da Federación Teatral Afeccionada de Galicia – FETEAGAL.

- 8.1 O uso da marca ou o logotipo oficial, deberá de ser facilitado pola organización, a Xunta Directiva da Federación ou o Comité Organizador.
- 8.2 Os candidatos que sexan nomeados ou gañadores deberán incluír este logotipo acompañado de “Gañador” ou “Finalista” nos “Premios do Teatro Amador Galego” nos seus carteis das obras representadas. Ademais a imaxe oficial non poderá sufrir ningún tipo de modificación ao reproducilo ou incluílo en calquera soporte.
- 8.3 Os receptores do trofeo non teñen ningún dereito sobre os dereitos de autor ou da marca comercial dos premios.
- 8.4 Cada trofeo consistirá nunha figura deseñada por un artista que será encargada por mediación da Xunta Directiva de FETEAGAL. Os trofeos estarán elaborados unicamente para tal fin.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

9. COMITÉ ORGANIZADOR

A Xunta Directiva de FETEAGAL designará ao Comité Organizador, que é o Órgano Executivo dos Premios, encargado de establecer o presente regulamento e velar polo seu cumprimento.

- O Comité Organizador estará composto por un máximo de sete (7) membros e un mínimo de tres (3) de entre a Xunta Directiva de FETEAGAL e os socios da mesma. As decisións tomaranse por maioría simple de votos. O presidente do devandito Comité disporá do voto de calidade en caso de producirse un empate.
- O comité organizador velará en todo momento pola limpeza, transparencia e segredo do proceso de selección dos Premios. Despois de cada reunión do Comité Organizador deberá realizarse unha acta que deberá estar debidamente asinada pola SECRETARÍA e a PRESIDENCIA do devandito comité.
- O Comité Organizador poderá designar un equipo de traballo, independente, para o deseño e o desenvolvemento da Gala de Premios. A Gala deberá estar debidamente cerrada e non se permitirán modificacións sobre o seu transcurso no prazo de quince (15) días antes previos á celebración da cerimonia.
- A Gala terá lugar o día 14 de Agosto no Teatro Colón de A Coruña.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

10. LEXISLACIÓN

- Estas bases réxense pola lexislación vixente no Estado español e pola normativa autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia. A participación implica a aceptación íntegra destas bases.
- Os datos, que voluntariamente se faciliten a través das candidaturas, incorporaranse a un ficheiro cuxo responsable será a Federación FETEAGAL, sendo en todo caso de aplicación a Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal e a normativa vixente concordante.
- O material audiovisual, que voluntariamente se facilite a través das candidaturas, incorporaranse a un arquivo cuxo responsable é a Federación FETEAGAL e poderá utilizalo con fins publicitarios, así como de conservación e recompilación do sector amador, sendo en todo caso de aplicación a Lei de Propiedade Intelectual e a normativa vixente concordante.
- O participante exime á Federación FETEAGAL de calquera responsabilidade derivada da presentación das candidaturas.
- A participación nos I Premios Feteagal Manuel Lourenzo do Teatro Amador Galego supón a aceptación completa do regulamento. En caso de conflito, o Comité Organizador é o único capaz de interpretar o presente Regulamento e as súas decisións serán inapelables e de obrigado cumprimento.



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE DEREITOS DE AUTOR

Eu,, con DNI
en calidade de secretario/a da Asociación
con NIF

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

A Asociación á que represento, presentou a obra
..... cuxa autoría é de
..... e que non
xera dereitos de autor.

Asinado.

Secretario/a da asociación

Data e lugar:



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

ANEXO II

CERTIFICADO DE AUTORIZACIÓN PARA PREMIOS

Eu,, con DNI
..... secretario/a da asociación
..... que solicitou participar na presente
edición dos Premios do Teatro Amador Galego coa obra
.....

CERTIFICO RESPONSABLEMENTE QUE:

Teño autorización das seguintes persoas para utilizar o seu nome e ser presentada polo citado grupo como candidatas aos I Premios do Teatro Amador Galego así como para enviar unha copia do texto do espectáculo á inscrición.

- Candidato/s a Mellor Dirección:
- Candidato/s a Mellor Autoría ou Adaptación:
- Candidato/s a Mellor Interpretación Feminina Protagonista:
- Candidato/s a Mellor Interpretación Masculina Protagonista:
- Candidato/s a Mellor Interpretación Feminina de Reparto:
- Candidato/s a Mellor Interpretación Masculina de Reparto:
- Candidato/s a Mellor Escenografía:
- Candidato/s a Mellor Vestiario:

Asinado

Secretario/a da asociación

Data e lugar



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

ANEXO III

CERTIFICADO DE NON PROFESIONALIDADE

Eu,, con DNI, secretario/a da asociación que solicitou participar na presente edición dos Premios do Teatro Amador Galego coa obra

CERTIFICO RESPONSABLEMENTE QUE:

As seguintes persoas candidatas NON EXERCERON como profesionais e non recibiron remuneración económica pola súa implicación no espectáculo ou a función do grupo.

- Candidato/s a Mellor Dirección:
- Candidato/s a Mellor Autoría ou Adaptación:
- Candidato/s a Mellor Interpretación Feminina Protagonista:
- Candidato/s a Mellor Interpretación Masculina Protagonista:
- Candidato/s a Mellor Interpretación Feminina de Reparto:
- Candidato/s a Mellor Interpretación Masculina de Reparto:
- Candidato/s a Mellor Escenografía:
- Candidato/s a Mellor Vestiario:

Deste mesmo xeito, certifico que as seguintes persoas implicadas SI EXERCERON como profesionais e NON SON PRESENTADAS como candidatas:

- Candidato/s a Mellor Dirección:
- Candidato/s a Mellor Autoría ou Adaptación:
- Candidato/s a Mellor Interpretación Feminina Protagonista:
- Candidato/s a Mellor Interpretación Masculina Protagonista:



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

- Candidato/s a Mellor Interpretación Feminina de Reparto:
- Candidato/s a Mellor Interpretación Masculina de Reparto:
- Candidato/s a Mellor Escenografía:
- Candidato/s a Mellor Vestiario:

Asinado

Secretario/a da asociación

Data e lugar



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LOURENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

Directrices de traballo para o Xurado Externo:

- O Xurado Externo serán persoas que teñan relación co teatro amador galego pero sen ningún vínculo cos grupos participantes.
- O Xurado externo recibirá as propostas inscritas mediante correo electrónico ou similar nun catálogo onde se mostrarán as categorías ás que aspiran os inscritos.
- É deber do xurado visualizar todas as propostas para posteriormente emitir o seu veredicto na votación.
- O Xurado estará composto por un máximo de cinco (5) membros. Dos cales un deles será nomeado PRESIDENTE e outro SECRETARIO na reunión de constitución.
- O Xurado pode manter contactos entre si durante o proceso de visionamento e valoración das candidaturas. Estes contactos permitirán axilizar o traballo, reflexionar e propor os candidatos.
- A votación final para a selección de nomeados deberá ser cumprimentada nunha folla de cálculo, onde se poidan observar os puntos que recibe cada candidatura de cada membro do xurado. Unha vez finalizado o reconto esta deberá ser asinada de forma electrónica por todos os membros do xurado. En caso de empate nalguna categoría decide o voto de calidade do presidente.
- Para a selección de gañadores o Xurado Mixto ponderará cun 50% e o Xurado Externo con outro 50% sen embargo o Xurado Externo reservarase o dereito a escoller gañador nas categorías que así o determinen coa finalidade de evitar que un grupo sexa premiado coa maioría dos premios. Para evitar isto teranse en conta as seguintes premisas:
 - Cada grupo non poderá obter máis de dúas (2) figuras, é dicir dous premios.
 - Con isto preténdese dar a maior cantidade de premios á maior cantidade de inscritos. O teatro amador non é un oficio do que



I PREMIOS FETEAGAL – MANUEL LORENZO

DO TEATRO AMADOR GALEGO

vivimos, polo que a Directiva de FETEAGAL cree fortemente que un recoñecemento desta categoría serve para impulsar o teatro amador e as creacións de base.

- En caso de que haxa un grupo que exceda esa cantidade o Xurado Externo deberá determinar outros gañadores/-as nas categorías que determinen.
- O Xurado saberá en todo momento os grupos aos que está valorando, o seu ámbito de actuación, se pertencen ou non a algunha Federación e datos de interese e relevancia para outorgar os premios. Non se facilitarán datos persoais como DNI, CIF, Dirección ou similares.